

DEBATE SOBRE O ESTADO DA AUTONOMÍA 2023



Parlamento de Galicia, 9 de outubro 2023

| | |
|---|-----------|
| 1.- NOVEDADES E TRADICIÓN | 1 |
| 2.- A GALICIA QUE HERDAMOS | 6 |
| 3.- GALICIA REAL Vs GALICIA PONTONIANA | 15 |
| 4.- A GALICIA DE RUEDA | 22 |
| 5.- O TELÓN DE GRELOS | 29 |
| 6.- A ÚNICA ALTERNATIVA ?? | 41 |
| 7.- PECHE | 47 |

1. Novedades e tradicións

Moitas gracias, Presidente;

Boa tarde Señorías,

Boa tarde, Sr. Presidente da Xunta de Galicia..

Benvido a este Parlamento, e tamén a este debate de política xeral, cuxa celebración representa, en si mesma, o principal feito diferencial da política galega: a estabilidade institucional.

Unha estabilidade que se concreta no cumprimento puntual dos ritos propios dunha democracia plena e consolidada, e que contrasta coa falla de respecto que noutras latitudes, non demasiado lonxanas, se amosa por eses mesmos ritos.

Fronte un Goberno do España que leva 5 anos sen convocar o preceptivo debate anual sobre o Estado da Nación, Galicia afronta o seu debate de autonomía con total normalidade.

Coa mesma normalidade coa que nuns días iniciaremos a tramitación dos orzamentos da CCAA, os 15º orzamentos en 15 anos de goberno.

Unha mostra mais do tedioso, desexable e moi reconfortante cumprimento das tradicións democráticas, tan do gusto do pobo galego.

Pero o gusto polas tradicións, nunca debe ser incompatible coa necesaria renovación de toda institución.

Señorías, non lles ocultarei que é unha grande honra participar por primeira ocasión neste Debate de Política Xeral, e aínda mais cando nos atopamos nun momento que amosa tan claramente esa renovación, como evidencian os moitos cambios que se teñen producido entre os participantes respecto do último Debate do estado da Autonomía.

Eu quero saúdar con ilusión todos eses cambios: Novo Presidente da Xunta de Galicia, novo Goberno, novos Vicepresidente e Vicepresidenta...

Novos Conselleiros e conselleiras, novos membros na Mesa do Parlamento, novos deputados e deputadas, novo voceiro do Grupo popular, novo voceiro do grupo socialista... Bo día, Sra. Pontón

Certo que esta renovación de caras podería ter sido maior si socialistas e nacionalistas galegos tivesen amosado maior acerto

nos seus optimistas vaticinios. Anunciaban os socialistas que Galicia volcaríase no apoio masivo a Pedro Sánchez. Aseguraba a Sra. Pontón que o BNG tería Grupo propio no Congreso...

Pero cando os galegos, dictaron sentencia, a realidade resultou ser ben distinta.

Iso si, antes de producirse ese momento, chegamos a escoitar nesta Cámara algunha mente preclara, criticando a suposta falta de compromiso con Galicia de algúns deputados do Partido Popular, porque marchaban a Madrid.

Todos sabemos que cando un deputado autonómico do Partido Popular se presenta a unha lista nacional, é un menosprezo a Galicia e ás súas institucións, pero cando iso mesmo o fai un deputado baixo o paraugas socialista ou nacionalista, é unha mostra de fondo compromiso coa patria.

O comportamento recorda moito aquela fábula de Esopo na que unha raposa, despois de fracasar unha e outra e outra vez no seu intento de alcanzar un racimo de uvas situado moi alto, finalmente as desdeñaba co pretexto de que todavía non estaban maduras...

Señorías, con canto desdén tratan vostedes a quen acaba de conquistar os froitos que tanto arelaban. Con canto desdén tratan vostedes a quen os acaba de derrotar contundentemente nas urnas. Canta displicencia. Canta altivez...

E tal vez sexa chegado o momento de facer unha breve reflexión, e recordar porque cada un está onde está.

Señorías, o Sr. Conde, a Sra. Quintana ou o Sr Puy ocupan hoxe un escano no Congreso porque os galegos decidiron premialos coa súa confianza.

A Sra. Diaz, o Sr. Castro ou a Sra. Otero ocupan hoxe un escano neste parlamento porque os galegos decidiron castigalos negándolles a confianza. Non é o mesmo!!

Sinceiramente, penso que un simple recordatorio dos resultados electorais aconsellaría un pouco mais de respecto a este Presidente, porque é exactamente o mesmo que fai escasas semanas conseguiu 25 representantes do PPdG nas cortes fronte a 1 do BNG ou os 11 dos socialistas

25 a 11 / 25 a 1

Sra Pontón, sr. Álvarez, Galicia lles demanda un pouco mais de autocrítica e un pouco menos de soberbia

2.- A Galicia que herdamos (40:00)

Señorías, na miña opinión, un debate como este debe servir para facer unha avaliación xeral do camiño que está a percorrer Galicia, e se pretendemos facer un xuício ponderado da nosa situación, sería conveniente saber de onde vimos, sería conveniente saber onde nos atopamos, e por suposto, sería conveniente saber cara onde camiñamos, ou mellor aún, cara onde queremos camiñar.

E a iso quixera adicar os próximos minutos. Se mo permiten, escomenzarei polo principio: Ano 2009, Km 0 do goberno do Partido Popular de Galicia

Baixo o liderado de Alberto Nuñez Feijoo, asumimos o goberno de Galicia e fixémonos cargo dunha herdanza política, social e financeira, que sen dúbida merece ser recordada.

Naquelas datas, Galicia, como o conxunto de España, escomenzaba a sufrir os primeiros embates dunha profunda crise financeira cuxas consecuencias se extenderían mais dunha década.

Unha crise contumazmente negada polo Presidente Zapatero, e absolutamente ignorada polo Goberno bipartito Psoe–Bng, a pesares das numerosas evidencias que recomendaban un cambio inmediato nas políticas de España e de Galicia.

Un goberno bipartito, que con inusitado fervor hoxe reivindica a oposición galega, nun exercicio de morriña que nos obriga a contarlle ás novas xeneracións a realidade daquel executivo

Unha realidade moi alonxada do idílico e manipulado relato, que hoxe pretenden trasladar os mesmos que naquel momento castigaron con inusitada dureza aos principais protagonistas daquel desastre.

Poleiro, para o sr. Touriño. **Desterro** para o Sr. Quintana. Tan orgullosos non semellaban estar... Poleiro e desterro !!

Sr. Álvarez, Sra. Pontón... Tomen boa nota, porque ben podería ser o seu próximo destino. Nin o afilar de coitelos cesa nunca no

socialismo galego, nin os coroneles da UPG indultaron nunca a quen tenta disfrazar as esencias marxistas e “indepes” do nacionalismo galego.

Pero voltemos ao tema. A Galicia que nos deixaron os seus líderes antes de ser convenientemente “depurados”...

Unha Galicia na que a recadación fiscal se desplomaba a un ritmo nunca antes vivido. Cun orzamento inflado e carente de todo realismo, que obrigou ao Goberno entrante a facerse cargo dun burato orzamentario de mais de 2.000 millóns de euros.

Compre recordalo, porque non deixa de ser curioso que hoxe, e a pesares de ser a CCAA que menos incrementou a débeda, nos boten en cara esa débeda, os mesmos que xeraron boa parte da mesma, deixando ese socavón orzamentario, solicitando a devolución dos anticipos a conta, e deixando unha Galicia atada de pes e mans.

O desemprego aumentaba naquela Galicia a pasos axigantados (51.000 parados mais no seu último ano de goberno), ao punto de que vivíamos o maior éxodo de xente nova que saía do noso país

para buscar fora as oportunidades que na súa terra se lle negaban (13.970 mozos nun só ano)

Se o desemprego era terrible, a taxa de fracaso escolar resultaba dramática (25,8% / 9,9%). O acceso á universidade, cada ano mais difícil para as familias. A formación profesional absolutamente desprestixiada, e cunhas taxas de empregabilidade simplemente descorazonadoras.

E non quero esquecerme, dos 103 centros escolares pechados en 4 anos, nun record nunca superado nin antes nin despois do seu nefasto paso polo goberno.

Que decir dos sectores primarios...

Mariscadoras sen protección social, porque algunha ex conselleira lles ía decindo que non era bo para elas cotizar a Seguridade Social, ou mariñeiros en risco porque a sala de control de salvamento marítimo quedaba sin suministro eléctrico por falta de pago

Do noso agro, baste decir que puxeron mais empeño en promocionar o mojito cubano, que o leite galego

Pero tamén tivemos a dubidosa honra de herdar a sanidade mais privatizada da nosa historia.

Si, señorías, unha sanidade que nos seus catro anos de Goberno aumentou un 50% os cartos públicos adicados a concertos coa sanidade privada.

Unha sanidade na que a Conselleira do ramo, asinaba plans, coa patronal galega e coa xerencia dun hospital privado, comprometendo que o plan funcional do futuro hospital público de Vigo non ía poñer en risco a viabilidade económica de POVISA.

Por certo, un novo hospital público de Vigo do que presentaron 5 maquetas, pero nin un só ladrillo.

Unha comunidade galega no que o seguro médico privado vivía días de viño e rosas, acadando cotas de penetración coas que hoxe, nin sequera se atreven a soñar.

Esa é a sanidade pública que nos deixou o seu goberno...

Un goberno no que o Vicepresidente nacionalista esixía ao Presidente socialista que non se lle sacase no telexornal, polo alto grao de manipulación da televisión pública galega.

E sorpréndanse, Señorías, pero naqueles anos non había venres negros. Probablemente, porque todos os días da semana eran negrísimos!!

Podería seguir debullando durante horas o desastre daquel goberno, que hoxe a Sra. Pontón e o socialista descoñecido aspiran a reeditar, pero aínda que adicase os 45 minutos desta intervención a esa empresa, non podería mais que describir uns breves retazos daquel colosal desastre...

Aínda que tamen é certo, como asegura o saber popular, que as desgracias nunca chegan soas. Porque se o panorama galego era desolador, a realidade española nos situaba ao borde dun abismo chamado rescate

A situación era tal, que apenas cumprido un ano da chegada de Feijoo ao Goberno, o Presidente Rodríguez Zapatero asinaba un Decreto que supoñía unha emenda á totalidade da súa propia

política, e se convertía no maior recorte social da historia da democracia española.

Tanto se levan esforzado en que **se nos esquezan**, que paga a pena que recordemos algunha daquelas medidas:

1.- Reducción do 5% da masa salarial dos empregados públicos. 3 millóns de traballadores públicos viron o seu salario primeiro recortado, e despois conxelado.

2.- Conxelación do conxunto das pensións, con excepción das non contributivas: 6 millóns de pensionistas afectados

3.- Ampliación da idade de xubilación ata os 67 anos

4.- Recorte de 670 millóns de euros en dependencia

5.- Supresión do cheque bebé

6.- Recorte da inversión pública de 6.025 Millóns

7.- Recorte nas transferencias ás CCAA's de 1.200 millóns

8.- Recortes nas axudas ao desenvolvemento de 600 M€, recortes en farmacia, aumento do IVE, etc, etc, etc.

O obxectivo deste salvaxe recorte era rebaixar en 15.000 M€ o deficit público para deixalo no 6%. O resultado final foi un deficit do 9,5% e un burato de 65.000 millóns de euros nas contas públicas

O triste corolario desta desfeita é que todavía se atreven a reivindicar o legado dun nefasto expresidente que nos últimos anos reparte o seu tempo entre o blanqueo a Maduro, o achegamento a Bildu ou a xustificación da infumable traición de Pedro Sánchez ao pobo saharai... Que vergoña, señorías, que vergoña!!

3.- Galicia real Vs Galicia pontoniana (32:00)

Pois con aquelas mimbres, tivemos que fabricar o cesto. E teño que dicir que as mimbres eran pésimas, pero os cesteiros demostraron ser excelentes.

A Galicia que atopou Feijoo, pouco ten que ver coa Galicia que hoxe Preside Rueda.

Señorías, acabamos de asistir a habitual versión do “Paint in Black” co que ano tras ano nos agasalla a oposición galega.

Un retrato dunha Galicia oscura, depresiva, case dickensiana na que nada funciona, e na que se por un casual, algún servizo público escapara a esa negra maldición, sería exclusivamente polo mérito dos heroicos traballadores que logran revertir a vontade dun goberno empeñado en sumir ao seu pobo nas tebras.

Por favor... Eu non negarei que Galicia aínda ten retos que superar. E dende logo, non o fixo o Presidente Rueda na súa intervención desta mañá...

Pero vostedes, señorías, deberían saber que para que unha caricatura teña unha mínima credibilidade, hai que saber poñer límite á esaxeración. E vostedes, Sra. Pontón, Sr. Álvarez, non teñen límite.

Desdibuxan tanto a realidade galega, que o resultado é un caricatura burda, tosca, na que o retratado non e quen de recoñecerse. E por iso levan vostedes case tres lustros na oposición. Porque o pobo galego non se sente representado nesa Galicia vencida, triste, **pontoniana**, que vostedes describen.

Porque fronte esa visión pontoniana, existe outra Galicia moi distinta. Unha Galicia moito mais realista, que é consciente dos seus problemas, que é consciente das súas fortalezas, a que dende esa consciencia afronta o futuro con prudencia, con responsabilidade, pero tamén con confianza e optimismo.

Señorías, dende fai semanas escoito como nesta cámara, e tamén fora dela, se repite recurrentemente o novo mantra da esquerda galega: non coñecen a ningunha familia galega que se teña beneficiado das distintas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia

Sr. Alvarez...

Non coñece a ningunha familia que se teña beneficiado da conxelación das taxas universitarias durante os últimos 13 anos? A ningún alumno de Formación profesional que atopara un emprego gracias aos seus estudos? Non coñece familias que se beneficien das axudas da Xunta, as mais cuantiosas do Estado, para a compra de material escolar?

Non sabe de ninguén que se beneficiase de todos os avances tecnolóxicos que incorporamos á sanidade pública? Non coñece a ningún dos mais de 72.000 (14.000) dependentes que atendemos cada día? Nin aos mais de 25.700 (3.500) usuarios do SAF...

Non coñece ningún menor de 21 anos que viaxe gratis no transporte interurbano?

Sra. Pontón...

Non coñece a ningún dos 55.000 beneficiarios da Tarxeta básica, esa que hoxe reivindicán, pero que tivemos que sacar adiante co seu voto en contra.

A ningún dos 28.000 retornados nos últimos 5 anos, gracias a unha Extratexia Retorna que vostedes votaron en contra.

Non coñece a ningún dos 1.600.000 galegos que se beneficiarion das bonificacións e deduccións fiscais? Nin ao 88% dos declarantes con rentas mais baixas beneficiados da deflactación do IRPF? Aínda que as votaran en contra...

Non coñecen a ningún dos emprendedores que abriu algunha das 95 casas niño que operan no rural? Ou unha das 104 casa do maior? Tampouco a ningún dos 1.000 usuarios deses servizos, que tamen votaron en contra?

Non coñece a ninguén que se beneficiara da gratuidade das Escolas infantís? Ningunha familia que leve o seu fillo ou filla a unha escola infantil pública? Da privadas sei que si coñece, alomenos nunha... Pois a gratuidade é para todas, Sra. Pontón, aínda que vostedes a votaran en contra.

De verdade que non coñece a ninguén??

Resulta sorprendente señorías, pero sobre todo, resulta preocupante. Porque só caben dúas explicacións para isto...

Ou vostedes están mentindo, ou vostedes non coñecen Galicia...

Ou tal vez nos atopemos ante unha perigosa combinación de mentira e descoñecemento.

Señorías, Galicia apostou fai xa 15 anos pola estabilidade institucional, polo crecemento sostible, pola mellora continuada dos servizos públicos, e desde aquel 1 de marzo de 2009, emprendemos un proxecto colectivo baseado nas señas de identidade de pobo galego, e que se resume nunha única palabra: Sinxela, modesta, sensata... SENTIDIÑO!!

Ese é o denominador común de todas as políticas públicas desenvolvidas polos sucesivos gobernos do Partido Popular de Galicia. Sentidiño!!

Para afrontar a maior crise financeira das últimas décadas: Sentidiño!!

Para afrontar a maior crise sanitaria das nosas vidas : sentidiño!!

Para frontar a crise derivada da invasión de Ucraína: sentidiño!!

Señorías, durante estes 15 anos de Goberno tivemos que afrontar situacións certamente complicadas, e hai dúas constantes que nunca se nos van a esquecer:

Cando arreciou o temporal, cando houbo que apretar os dentes, cando mais difícil parecía chegar a bo porto, xamais contamos co seu apoio, e xamais nos faltou o alento dos galegos !! Eles nunca nos fallaron !!

Catro veces foron consultados, e en cada unha desas ocasións nos brindaron mais apoio que na ocasión anterior. Iso é algo que non se esquece facilmente...

Pode que nunca sexamos quen de agradecer abondo aos galegos o enorme caudal de confianza que depositaron en nos, incluso nas peores situacións, pero non imos deixar de tentalo nin un só día.

A vostedes lles deixamos o papel de negros profetas desa apocalipse galega que nunca chega, por fortuna para os galegos, e por desgraza para vostedes.

4.- A Galicia de Rueda (25:00)

Señorías, apenas fai 18 meses, Alfonso Rueda tivo que enfrontar o reto mais importante da súa vida política. Relevar na Presidencia da Xunta de Galicia a quen foi o gran referente da política galega durante tantos anos.

Non semellaba un reto sinxelo, pero o certo é, que o asumiu con humildade, cun enorme sentido da responsabilidade, e por suposto, con gran ilusión

A humildade dun servidor público que sabe que as apetencias persoais están supeditadas ás necesidades do proxecto colectivo

A responsabilidade de quen é coñecedor do legado de bo goberno que recibe, e da necesidade de conservar o moito que se fixo ben durante mandatos anteriores

E a ilusión de quen se atopa ante a oportunidade de dar un novo impulso a esta tarefa colectiva, aportando a súa personalidade, a súa visión, o seu propio estilo: o estilo Rueda

Creo que ninguén explicou mellor esta transición que o propio Presidente, cando afirmou aquilo de “cambia o camiñante, o camiño continúa”. E vaia se continúa !!

Fai algúns meses, nas sedes dalgúns partidos galegos, frotaban as mans ante o que creían unha oportunidade de ouro para as súas ambicións políticas. Hoxe, o que frotan son os ollos incapaces de entender como poidemos facer un relevo de maneira tan exemplar!!

Pois si, señorías, fixémoslo, e fixémoslo ben porque iso era o que precisaba Galicia, e iso era o que precisaba España!!

Así que perdemos moi pouco tempo en resolver cuestións internas e centramos os nosos esforzos en seguir resolvendo os problemas reais da xente.

E nese feito tan simple é onde radica a esencia mesma dos gobernos do PPdG. Ese é o ADN do Goberno de Rueda: evitar polémicas esteriles e centrarse en mellorar a vida da xente

Non atoparan no programa deste Goberno declaracións de independencia, nin futuras repúblicas galegas. Tampouco medidas para desarticular taimadas conspiracións de elites reunidas en oscuros cenáculos

Non atoparan receitas para combatir elaboradísimos plans de elites anarco-capitalistas que pretenden fuxir en cohetes espaciais ou refuxiarse en mansións fortaleza porque “nos vamos al carajo...”

Estimada galega, estimado galego, se vostede busca un goberno centrado en combatir segredas e rebuscadas tramas conspiranoicas que non existen mais que na mente calenturenta de algúns irresponsables políticos, non somos o goberno que busca. Non podemos facer moito por vostede...

Pero se a vostede lle preocupa... que sei eu? A educación dos seus fillos, o benestar dos maiores, o futuro da súa familia, pois creo que pode confiar neste goberno.

Porque creo que a Galicia na que vivimos, a Galicia real, a Galicia de Rueda, ten motivos para confiar no futuro, e tamén para sentirse orgulloso.

Creo que os galegos podemos sentirnos orgullosos de axudar a cada novo galego que chega o mundo, facilitando a súa familia unha tarxeta benvida que lle permite adicar un mínimo de 100 euros mensuais a mercar produtos básicos para a crianza do seu bebé.

Creo que podemos sentirnos orgullosos de ser a primeira CCAA de España que proporciona escola infantil gratuíta a todas as familias galegas.

Creo que podemos sentirnos orgullosos de ter creado un recurso pioneiro, e gratuíto, como as casas niño, para facilitar a crianza no rural. Imos camiño das 100...

Non temos dereito a dicir que con este Presidente á cabeza, Galicia acadou o calendario vacinal mais completo do mundo?

(Meningococo, papiloma humano, antigripal tetravalente, rotavirus, virus sincitial)

Pois creo que temos dereito a decir con orgullo que os nenos galegos son os mellor inmunizados do mundo!!

Está mal que non sintamos orgullosos de rebaixar en 15 puntos o abandono escolar e acadar a menor taxa de fracaso escolar da nosa historia? De ser o sistema educativo mais inclusivo de toda a OCDE, e de obter os mellores resultados no informe PISA da nosa historia?

De manter as taxas universitarias conxeladas os últimos 13 anos?

Da revolución que se produciu na Formación profesional, que pasou de irmá pobre, a ser un orgullo para o sistema educativo e unha das mellores garantías para atopar emprego

Podemos felicitarnos porque a nosa sanidade pública cada día é mellor valorada polos galegos .

Esa sanidade pública que pasou de ser a 3ª peor de España con vostedes a ocupar o 6º posto do ranking. (FADSP)

Orgullosos de ofrecer cada día mais e mellores servizos aos nosos maiores, multiplicando por 3 as prazas de residencia, por 6 as de centros de día, ou por 7 o servizo de axuda no fogar? Ou por introducir novos servizos como os coidado “Porta a Porta” ou as xa 100 casas do maior

Podemos celebrar que o noso sector do mar teña a maior facturación en lonxa da nosa historia? Que o noso turismo, co Xacobeo como locomotora, teña alcanzado cotas nunca vistas?

Será malo alegrarse porque actualmente adiquemos un 1,5% do orzamento a políticas de igualdade, e porque teñamos unha fenda salarial por hora menor que a media europea. Menor que Alemaña, que Finlandia, que Francia, Holanda, Dinamarca, Noruega ou Suecia?

Eu creo que podemos sentirnos orgullosos de todos estes éxitos porque non son só dun Goberno, que tamén, SON OS ÉXITOS DUN PAIS, SON DE TODOS, e os galegos están orgullosos deses éxitos, porque os galegos son o vento que impulsa ese cambio.

Señorías, falta moitísima labor, temos moito todavía que mellorar, quedan mil retos por diante, pero a pregunta que se fan os galegos é:

Porque lles costa tanto falar ben do seu país? Porque lles costa tanto alegrarse do que vai ben?

Como é posible que de todos as medidas desta mañá, nin unha mereza o seu apoio? Porqué son tan cenizos? PORQUÉ??

5.- O telón de Grelas (19:00)

Señorías, non pretendo con estos datos debuxar unha Galicia idílica, nin pretendo negar que temos problemas.

Pero penso que estas magnitudes, dan conta dos beneficios da estabilidade que aporta un Goberno centrado no realmente importante, fronte aos continúos problemas xerados por gobernos inestables, que dependen dos caprichos de socios que teñen intereses e prioridades diferentes aos da maioría dos cidadáns.

E o exemplo desas consecuencias, o temos ben cerca. Basta con dirixir a nosa mirada ao que está acontecendo nestes días en relación a investidura do Goberno de España, e as nefastas consecuencias que para Galicia poden ter a perigosa combinación dun Goberno inestable, e uns socios insaciabilmente voraces.

Señorías, Galicia está a facer grandes esforzos para mellorar a súa situación e equiparase, a todos os efectos, con aqueles territorios que mellores servizos poden ofrecer aos seus cidadáns.

Queremos mais profesionais médicos na Atención primaria. Queremos mais prestacións para os galegos con dependencia. Queremos seguir aumentando o investimento en educación, en Innovación, na industria, no comercio, nos sectores primarios, na xustiza, en igualdade...

Como se acreditou hoxe, nin nos falta vontade, nin nos faltan ideas. O que precisamos son mais cartos. mais financiación, mais xustiza...

Nesta cámara acadamos algúns acordos importantes nesta materia.

Concordamos en que resulta fundamental unha financiación xusta que atenda ao custe real da prestación de servizos nos distintos territorios.

Concordamos en que era fundamental que se teña moi en conta o envellecemento e a dispersión poboacional como elementos para o cálculo deses custes.

Concordamos incluso, na designación do experto que representaría a Galicia na Comisión constituída para elaborar as bases técnicas dese novo modelo.

Pero o tempo pasa. Os expertos fixeron o seu traballo. As bases técnicas están fixadas, pero do novo modelo nada sabemos

A realidade é que ese modelo de financiación permanece gardado nalgún caixón de Moncloa porque para o Presidente do Goberno a matemática parlamentaria é mais importante que as bases técnicas, atender as esixencias do independentismo é mais importante que atender servizos públicos, e conservar o seu posto é mais importante que conservar a igualdade entre cidadáns.

Señorías, resulta escandaloso para calquera galego escoitar como algúns políticos cataláns esixen como pago da investidura de Sánchez a condonación de 70.000 millóns de débeda. Resulta escandaloso escoitalles reivindicar unha suposta débeda histórica de 450.000 millóns de euros

Resulta escandaloso que o Presidente en funcións non saia inmediatamente a desbotar tales peticións, a descartar calquera mesa bilateral, e a asegurarnos a todos que o modelo de financiación se decidirá co concurso imprescindible de todas as CCAA's

Pero para calquera galego, aínda resulta mais escandaloso o atronador silencio do BNG e do PSdG respecto a estas esixencias. Escandaloso, aínda que non sorprendente. Coma sempre, feros

leóns ante a Xunta de Galicia, apoucados cachorriños fronte o Goberno de Sánchez

Señorías, vostedes saben, coma nos, que a condonación desa débeda, como calquera reclamación sobre supostas débedas históricas só se pode materializar a costa dos recursos que lle corresponden a outros territorios, entre eles o noso

Entonces, porqué calan ante esta aldraxe ?

Semella que a uns lles importa mais a fidelidade ao amado lider, que a fidelidade ao pobo galego. Aos outros, lles interesa mais o futuro da súa República galega que o futuro dos propios galegos.

Cunha man reclaman mais servizos, e coa outra dan palmadiñas nas costas dos que nos quitan os recursos para financiarlos.

A triste realidade deste BNG e deste PSdG e que teñen amosado moito mais compromiso coa independencia de Cataluña, que coa dependencia en Galicia. Quede na súa conciencia

Galicia, co seu goberno a cabeza, seguirá esixindo que se cumpran os compromisos que se lle deben.

Porque aínda que teñamos menos paro que a media nacional, temos que seguir traballando para rebaixar o paro, e para ofrece alternativas de emprego en As Pontes ou en Alcoa, porque ben apoiaron o peche, pero das solucións nada sabemos...

E aínda que levemos 15 anos por debaixo da taxa de pobreza nacional, queremos seguir avanzando na súa erradicación.

Non queremos boas palabras. Queremos trens Avril. Queremos que o AVE chegue a TODA Galicia. Queremos a transferencia da AP-9. Queremos o 50% da financiación para a dependencia, e queremos fondos para afrontar o problema demográfico.

Queremos o que nos corresponde. Nin mais, nin menos

E tamén queremos conservar o réxime constitucional que nos deu o maior período de prosperidade da nosa historia. E moito pedir a un goberno que non chalanee co norma básica que fundamenta as nosas liberdades?

Señorías, causa bochorno ver a un Presidente de España arrastrándose para manter a cadeira, e prometendo cada semana que o mellor para España é facer o contrario do que recomendaba a semana anterior.

Se modifica o Código penal ao dictado dos delincuentes. Primeiro se modifican os tipos delictivos, despois desaparecen as responsabilidades penais e por último, desaparece o propio delito por obra e gracia dunha vergoñenta lei de impunidade

E por suposto, todo aquel que discrepe da verdade revelada por Pedro Sánchez inmediatamente é castigado ao rincón da extrema dereita. Lles advirto que empezan a ter un serio problema de overbooking...

Non entra mais xente ahí: de Suarez a Fraga, de Aznar a Casado, De Rajoy a Feijoo, todos ultras

Ultra Albert Ribera (antes e despois de pactar co Psoe, claro, que cando firmou un pacto para facer Presidente a Sánchez, deixou de ser ultradereita temporalmente),

Ultra Rosa Díez (cando deixou de militar no Psoe, claro)

Sempre ultra Abascal, salvo cando apoia a súa infame proposta de reparto de fondos europeos, que entonces se convirte nun “exemplo de responsabilidade co país e de sentido do Estado” Pedro Sanchez dixit

Señorías, pero é que ultimamente se lle esta indo o tema das mans

Felipe Gonzalez, Alfonso Guerra, Joaquín Leguina, Nicolas Redondo, Corcuera, Cristina Alberdi, Rodriguez de la Borbolla, Tomas Gómez, Odón Elorza...

Eiquí en Galicia: Paco Vázquez, facha? Mendez Romeu, facha? Salvador Fdez. Moreda, facha? Antolín Sánchez Presedo, facha?

Un pouco de mesura que me está enchendo a ultradereita de socialistas !!

Lembran vostedes cando o partido de Puigdemont e de Torra era o lexítimo herdeiro de LePen en España.: “A primeira representación política da xenofobia e o racismo en España” afirmaba o sr. Sánchez

Como mudan os tempos, e como mudan algúns de opinión. En fin...

Discrepas co modelo territorial: ultra !!

Discrepas coa memoria histórica: ultra !!

Discrepas da rebaixa da malversación: ultra !!

Discrepas dos indultos: ultra !!

Discrepas da Lei do “solo si es si”: ultra !!

Discrepas da amnistía: ultra !!

Esta é a nova conformación do espectro político según as Leis do Sanchismo.

O centro político se radica no ombligo do Sr. Presidente , o PNV de “Dios y leyes viejas” bloque progresista, e Bildu, Junts, Esquerra,

CUP, Sumar e todo o que precise o sr. Sanchez, esquerda moderada.
Que digo moderada, Moderadísima!!

E os millóns de españois que non tragan o que Sanchez está disposto a tragar... Ultras!!

Esta é a súa oferta de convivencia para calquera que non quera bailar ao ritmo da yenka sanchista

E namentras, os que eran reos de rebelión pasaron a ser culpables de sedición. O que era un golpe de Estado pasa a chamarse “problema político”. Os malversadores, políticos incomprendidos...

A amnistía, ese bálsamo de Fierabrás que todo o cura, fai apenas uns meses era incompatible coa Constitución Española.

O puxeron vostedes por escrito ata en 9 informes oficiais asinados polo Goberno, para xustificar que xenerosamente otorgaban indultos aos condenados por sedición, porque a amnistía era imposible: cito

"Se ha de subrayar que don Oriol Junqueras ha cumplido ya tres años y siete meses de su pena de privación de libertad. Un efecto de la sentencia que ni se puede ni se pretende borrar.

La concesión de la gracia traerá consigo la consecuencia propia de todo indulto particular, esto es, la de excepcionar el cumplimiento de la pena indultada o conmutada, pero con la persistencia del delito. Persistencia que en caso de reiteración delictiva llevaría consigo la apreciación de los antecedentes penales. A diferencia de la amnistía, claramente inconstitucional, que se reclama desde algunos sectores independentistas, el indulto no hace desaparecer el delito"

Informe asinado por Don Juan Carlos Campo, entón Ministro de Xustiza, hoxe maxistrado do Tribunal Constitucional

Pero se faltan 7 votos, DONDE DIJE DIGO, DIGO PEDRO...

Señorías, decía o Presidente Suarez que “a vida sempre te da dúas opcións: a cómoda e a difícil. Cando dubides, elixe sempre a difícil

porque así estarás seguro de que non foi a comodidade a que elixiu por ti”

Pode que o Sr. Sánchez prefira o camiño cómodo, pero os galegos seguiremos apostando polo camiño correcto

6.- A única alternativa ?? (08:15)

Señorías, nas últimas semanas escoitamos a 3 partidos distintos afirmar que son a única alternativa posible para Galicia

Pero non pensen que falaban de construír una mesma alternativa. Non señorías, cada un falaba da súa. Cada un é alternativa única

Para ser 3 partidos laicos, moito lles gusta copiar os dogmas católicos. Señorías, con todos vostedes a Zurdísima Trindade: Tres alternativas únicas pero un só mogollón verdadeiro

A realidade, Señorías, é outra moi diferente. Nin unha, nin dúas nin tres... en Galicia, hoxe, non existe alternativa, si por alternativa entendemos un proxecto serio, cun liderado claro, e cun equipo que traballe unido

Señorías, imaxinan vostedes ao equipo redactor do programa desta Zurdísima Trindade??

O BNG quere un concerto económico galego ao que o PSOE se nega. Sumar, nin sabe nin contesta

O BNG esixe unha tarifa eléctrica galega, que non quere ninguén mais en Galicia

O BNG esixe unha AP-9 galega. O Psoe xa renunciou a esa galegitude e a Sumar dalle igual, que a Sra. Díaz o que quere é un cohete espacial

Se falamos de eólica e de eólica mariña, o PSOE esixe desenvolverlas, o BNG esixe non desenvolverlas, e SUMAR, tratándose de eólica, según sobre o vento...

O PSOE reivindica unha monarquía republicana ou un república monárquica, según o día... O BNG quere unha república galega, e Yolanda Díaz aspira a unha República de repúblicas

Señorías, con esta coherencia, que podería saír mal??

Alomenos, para desenvolver algunhas áreas, teñen xente moi cualificada...

En emprego, quen mellor que Carmela Silva...Como servizo de colocación, ten sobrada experiencia...

En discapacidade, que mellor que a Secretaria de Estado, a sra. PAM. Con que cariño trataba as persoas con discapacidade do seu propio partido...Lembran? La “maldita” coja, permitanme a licencia, por decoro da cámara e por respecto á Sra Santos

Quen mellor que o “Demolition man” do Garañón lucense para ocuparse de redactar un programa de vivenda...

e para Igualdade teñen unha concelleira do Bng na Estrada fabulosa: nin o bebé quere ser o seu fillo, lle espetou á Sra Ayuso despois de sufrir un aborto ... e alí segue

Señorías, pode que non lles guste oílo, pero esa é a realidade da “única” alternativa galega. Daría risa, se non fora porque da medo...

Por certo, sorprendeume escoitalos reclamar hoxe autocrítica, coherencia, aires de cambio !!!

1.- Autocrítica?

Hoxe tiveron vostedes mais de 45 minutos de intervención cada un, e non atoparon un segundo para facer autocrítica dun disparate lexislativo sen precedentes, que reduciu a condena de mais de 1000 delincuentes sexuais, que anticipou a saída de prisión de mais de 121 violadores e que supuxo unha inxustísima revictimización das mulleres agredidas sexualmente.

Pois non Señorías, e aínda mais!! Hai un grupo nesta cámara que continua sacando peito desta lei... Como se atreven a falar de humildade? Recoñezan o erro, asuman responsabilidades e pidan perdón as vítimas. Tal vez despois podan falar de autocrítica...

2.- Falouse tamén de coherencia ...

Será coherencia intentar reeditar un pacto que levan incumprindo 4 anos? Sera coherencia ou será cinismo?

Será coherente presumir de primarias, e estar suplicando un adianto electoral para non ter que celebralas? E aínda din que están preparados para gañar a Rueda!! Pero se nin sequera están seguros de vencer ao Sr. Caballero.

3. - Xa o colmo do disparate, e que nos falen de aire novo, de renovar a política galega...

O Psoe quere renovar a política galega nomeando candidato, a dedo, ao sucesor de Francisco Cacharro na Deputación de Lugo. Tan novedoso como o fío negro...

O BNG, quere renovar coa sra. Pontón!! 20 anos nesta cámara... Nin os pantalóns de pana duran tanto

Señoría, ingresou vostede neste Parlamento a mesma semana que se presentaba Facebook. Twitter, non existía. Faltaban 3 anos para o primeiro modelo de iphone... imos polo 15.

O coche do ano era o Fiat panda!! O xoguete de moda era o tamagochi, e ese ano, ese mesmo ano, Camela lanzaba “Cuando zarpa el amor”

Pero como vai representar vostede a renovación!!!

Se tiveron que eliminar o límite de mandatos dos seus propios Estatutos para que vostede poidera seguir aquí

Non lle tomen o pelo aos galegos !!!

7.- PECHE (03:00)

Sr. Presidente

Como dixen ao comezo desta intervención, este debate é unha oportunidade para facer o balance do camiño percorrido, e para fixar o rumbo do camiño por percorrer.

Durante moitos anos, foi a Pedro Puy a quen lle correspondeu defender ese balance, e sei que cando abandonou este Parlamento, o fixo coa íntima convicción de que apoiando ao Goberno, contribuíu a deixar unha Galicia mellor que a que recibimos aquel 1 de marzo de 2009

Eu tamén teño a convicción de que a Galicia que hoxe presentou vostede, Sr. Presidente é unha Galicia mellor que a que recibiu, e esa, e nada mais que esa, é a primeira obriga de calquera líder, e a primeira aspiración de calquera pobo

Señorías, eu non sei se algún dos voceiros que fixemos hoxe este balance tera ocasión de facelo o próximo ano, pero en cambio, teño

a convicción profunda de coñecer ao Presidente que vai abrir o Debate de Política Xeral durante bastantes tempo.

Chámase Alfonso Rueda, e hoxe debullou unha folla de ruta para seguir liderando este país durante moitos anos.

Sr. Presidente, Galicia segue no bo camiño. Galicia avanza na boa dirección, e pode que aínda non sexamos quen de mudar os horarios das mareas, pero a pouco que nos empeñemos os galegos ... Malo será!!!

Parabéns por este primeiros 17 meses de Presidencia, e parabéns por facer de Galicia un país mellor